



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

O A L C A L D E

Estimada Conxita

Moitas grazas polos teus parabéns. Ben sabes o complicado que resulta manter uns bos resultados electorais despois de 20 anos de goberno, pero está claro que a cidade de Pontevedra prima a súa calidade de vida e o seu benestar, un traballo que levamos facendo todos os pontevedreses e pontevedresas arreo dende 1999.

Coñezo os cambios que fostes realizando en Andorra para mellorar a vida dos vosos veciños e veciñas, dándolle prioridade aos peóns fronte aos tráfico motorizados, o que encheu de vida a principal arteria da cidade así como as súas lindeiras.

Alégrome que Pontevedra vos servise de inspiración para que fixerades e continuedes a implementar o voso proxecto de recuperar a cidade para o cidadán, para que Andorra estea nas cidades referentes do mundo en calidade de vida seguindo o voso propio modelo adaptado ás vosas necesidades.

Xa falamos de que o proxecto, a firmeza e o pulso político son vitais para pór en marcha unha profunda reforma como a vosa, polo que agardo que as forzas non fraqueen en diante.

Moitas grazas polo teu convite, pero como saberás, estamos poñendo en marcha un novo mandato no que nos propoñemos novos retos como acadar a excelencia dos espazos públicos ou a reciclaxe in situ dos biorresiduos, para que Pontevedra siga a pór o seu gran de area na mellora deste planeta.

Todo isto require esforzos e, sobre todo, moito tempo. Quédome co convite, e procurarei acudir a Andorra en canto me sexa posíbel, porque si que me resultaría agradábel coñecer in situ o voso traballo.

Mentres, continuarei seguindo os vosos progresos que seguro serán exitosos. Pontevedra volveravos a acoller con moito agarimo cando queirades.

Unha aperta

Miguel Anxo Fernández Lores

